

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 10 de maio de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D^a Olga Alonso Suárez

NON ASISTEN:

D. Cayetano Rodríguez Escudero

Invitados:

D. David Regades Fernández
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta e cinco minutos do día dez de maio de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(519).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(520).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO INTEGRAL DE TELEASISTENCIA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 80626/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9.05.13 e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 7.05.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, S.A. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de teleasistencia do Concello de Vigo (expte. 80626-301) por un prezo total de 18,51 € usuario/mes (IVE incluído), sendo a cota correspondente o IVE de 0,712 € usuario/mes. O custo máximo do contrato establececese en 62.400 euros IVE incluído.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.